

Estimadas familias do IES Virxe do Mar:

Nestes días está a saír na prensa moita información sobre o comezo de curso. Unha das últimas novas en saír, no diario 'La Voz de Galicia' ([enlace](#)) indica que os centros teremos liberdade para decidir como organizar as nosas aulas, combinando **desdobres, quendas de tarde, mamparas** ou **teledocencia**. Segundo esta noticia, pois da Consellería non temos ningunha información oficial, os centros podemos organizarnos segundo as nosas características e necesidades.

Buscando unha educación de calidade, e ao mesmo tempo segura, desde a Dirección solicitamos os desdobres necesarios para este curso, de forma que se poida atender a todo o alumnado co reforzo e atención debidos, por mor da situación vivida desde o mes de marzo pasado. Tamen solicitamos estes desdobres na procura dunha maior seguridade no centro, mantendo a distancia recomendada pola OMS de 1,5 m entre alumnos/as.

Levamos todo o verán traballando na medición e adaptación de espazos para cumprir coas indicacións do primeiro Protocolo publicado no mes de xullo. Hai poucos días, o 31 de agosto, saíron as normas do novo Protocolo e tivemos que replantear todo este traballo, con novas medicións, distribución de espazos, aulas e grupos de alumnos/as. No noso centro en concreto, temos pensado habilitar como aulas o Salón de Actos, parte da Biblioteca e as aulas de Música e Plástica, todo para garantir eses desdobres de grupos, necesarios para esa mellor atención e maior seguridade do alumnado.

Para poder realizar isto, solicitamos da Consellería 3 profesores máis do noso cupo habitual: un profesor para ESO-Bach e outros dous para o Ciclo de Imaxe e Son, como dicimos, na procura dun ensino de calidade e seguro.

Esta fin de semana sae na prensa unha nova que matiza o derradeiro Protocolo: no caso de non haber espazos para os desdobres, a mellor solución sería instalar mamparas entre alumnos/as, cando non se cumplan os 1,5 m de separación, todo sempre supeditado ao aporte do profesorado solicitado polos centros ([enlace](#)).

Desbotamos a idea xeralizada das mamparas polo custo económico, problemas de limpeza e ventilación. As quendas polas tardes cremos que prexudican ás familias e alumnado, por mor das moitas actividades extraescolares. A teledocencia tampouco nos parece a mellor opción, porque nada pode suplir o ensino presencial. E por último recordar, que no noso centro dispoñemos deses espazos necesarios para os **desdobres propostos por esta Dirección**.

Polo tanto, o equipo directivo deste centro quere deixar claro que **calquera medida que non sexa o aumento de grupos e desdobres, coa correspondente dotación de persoal, non será unha decisión do centro, senón unha imposición da Consellería**, que, coma funcionarios que somos, teremos que acatar.

Rematamos dándovos as grazas ás familias do noso IES pola vosa comprensión nesta situación confusa e chea de incerteza, e coidamos que **hoxe máis que nunca hai que loitar por un ENSINO PÚBLICO e de CALIDADE**.

Recordamos que o comezo do curso previsto para hoxe, se adía ata o día 23 de setembro, debido a esta situación, aos continuos cambios de protocolos e pola imposibilidade de poder facelo cando estaba previsto.

Se non houbera máis aprazamentos (agardemos que non) vémonos no centro a partir do 23 de setembro. Informaremos nesta mesma páxina web do calendario de incorporación do alumnado.

Grazas a tod@s

A Dirección do IES Virxe do Mar

Noia, 16 de setembro de 2020